

# PRECISAMOS A LINGUA SE QUEREMOS VENCER

“Non comprendo como se pode estar co pobo  
desprezando a súa fala...”

Ademais de usar o galego como lingua de expresión oral e escrita, tanto na vida privada como pública, Manuel María é unha das figuras da nosa historia e da nosa literatura que máis empeño pon para que o galego se converte no idioma normal de Galiza e o escritor que máis composicións poéticas lle dedicou. Para el a lingua é a creación máis importante do pobo galego, a luz que ilumina o noso ser, a chave coa que abrimos o mundo, a forza que nos une e sostén, a fonte de irmadade, a esencia de Galiza e o símbolo indiscutíbel da súa existencia e permanencia. O futuro de Galiza vai unido ao futuro da lingua galega até o punto de que “quen nos quere sen fala, quer matarnos”.



▲ Manuel María na carreira en defensa da lingua, o Correlingua, na cidade da Coruña no ano 2001. Foto Xoán Díaz



▲ O labor e a significación das Irmandades da Fala foi frecuente materia literaria para Manuel María, así como motivo das súas conferencias tanto no interior como fóra de Galiza.

## A fala

O idioma é a chave  
con que abrimos o mundo,  
o salouco más feble,  
o pensar más profundo.

O idioma é a vida,  
o coitelo da dor,  
o murmurio do vento,  
a palabra de amor.

O idioma é o tempo,  
é a voz dos avós,  
e ese breve ronsel  
que deixaremos nós.

O idioma é un herdo,  
patrimonio do pobo,  
maxicamente vello,  
eternamente novo.

O idioma é a patria,  
a esencia más nosa,  
a creación común  
máis grande e poderosa.


O idioma é a forza  
que nos xungue e sostén.  
Se perdemos a fala  
non seremos ningúen!

O idioma é o amor,  
o latexo, a verdade,  
a fonte de que agroma  
a más forte irmandade.

Renunciar ao idioma  
é ser mudo e morrer.  
Precisamos a lingua  
se queremos vencer!

(As rúas do vento ceibe, 1979)

Manuel María é un dos poetas galegos máis  
musicados o que contribuíu a agrandar a súa  
popularidade e a difundir a súa mensaxe  
poética, particularmente en defensa da  
lingua galega.



# Manuel María

Beleza, amor e compromiso